



Elementos da linguaxe gráfica-plástica

Índice

1. Introducción.

2. Elementos:

2.1 Punto.

2.2 Liña.

2.3 Plano.

2.4 Textura.

2.5 Luz.

2.6 Cor.

1. Introducción


A linguaxe plástica utiliza diferentes elementos de expresión para representar as formas, transmitir ideas e sensacións tanto no plano coma no espazo. Estes elementos que utilizamos na representación gráfica sobre unha superficie bidimensional, podemos consideralos como o "**ALFABETO DA LINGUAXE GRÁFICA-PLÁSTICA.**

Os elementos básicos son: punto, liña, plano ou superficie, textura, luz e cor. Cada elemento plástico determina un matiz de expresión diferente e nunha orde determinada enriquece o resultado final da composición.

Para analizar e comprender a estrutura total da linguaxe gráfico-plástica é necesario centrarse nos elementos que a forman, un por un, coa fin de comprender mellor as súas calidades específicas.

2. Elementos:

2.1 Punto



Punto

Elemento xerador de imaxes



Televisión.



Trama de impresión offset



Mosaico.

Detalle de mosaico na Basílica de Aquileia, Italia


Banco de imaxes INTEF




Imaxe dixital.

Punto


Características




Tamaño



Forma



Textura




Cor

Punto


Capacidad expresiva




Creador de líneas.



Elemento compositivo:
Concentración e dispersión



Foco de atención ou indicación



Elemento para crear sensación
de profundidad

2. Elementos:

2.2 Liña



Liña


Características




Tamaño



Grosor



Textura






Cor

Liña

Clasificación

Simples: Rectas: Traxectoria descrita por un punto que se move nunha soa dirección.
Curva: Traxectoria dun punto que se move en varias direccións.




Rectas: Horizontal / Vertical / Oblicua



Curvas


Composta: Formadas por varias simples



Quebrada.



Ondulada.





Mixta

Liña

Capacidade expresiva

Elemento compositivo: Repouso e estabilidade / orde ou caos / dinamismo / profundidade volume / creación de ritmos/ homoxeneidade



Como elemento gráfico: Elemento esencial no debuxo técnico / informativa descritiva / creación de contornos / creación de tramas con valor tonal / utilizada dende a pintura prehistórica ata o Op Art



Cadro de ratos,

Banco de imaxes INTEF



Pintura rupestre, Cova Morella, Castellón. Banco de imaxes INTEF

2. Elementos:

2.3 Plano

Plano

Definición

Elemento xeométrico

A liña recta desprázase nunha soa dirección orixinando unha superficie plana.

Elemento plástico

Superficie de dúas dimensións. O plano constitúese por medio de puntos e liñas. Poden ser virtuais ou materiais

Clasificación do plano como forma


- Xeométrico.
- Orgánico.
- Rectilíneo.
- Irregular.
- Manuscrito.
- Accidental.

Funcións do plano

- Crear profundidade
- Expresar tamaño
- Un plano de cor delimita formas
- Converte o plano non pintado en imaxe

Plano


Clasificación do plano como forma



Xeométrico.



Orgánico.




Rectilíneo.



Irregular.




Manuscrito.




Accidental.

Plano


Funcións do plano




Crear profundidade




Expresar tamaño




Un plano de cor delimita formas




Converte o plano non pintado en imaxe



Punto



Liña



Plano

2. Elementos:

2.4 Textura

Textura

Definición

É a capa externa que reviste os corpos tanto naturais coma manufacturados polo home.

Clasificación

1ª Clasificación:

- Naturais:** Son as que se encontran na natureza.
- Artificiais:** As xeradas mediante un proceso de manufacturación.

2ª Clasificación:

- Visuais:** Son as que só se perciben pola vista. Son estritamente bidimensionais.
- Táctiles:** Son as que se poden percibir por medio do tacto.

Texturas

1ª Clasificación:



Naturais



Artificiais

2ª Clasificación:



Visuais



Táctiles


2. Elementos:

2.5 Luz e volume


Definición

Chámase luz (do latín lux, lucis) á parte da radiación electromagnética que pode ser percibida polo ollo humano.

Toda manifestación lumínica queda relegada á cor como expresión da luz. Non obstante, a luz é fundamental na creación de ambientes, centro de atención, nas formas e imaxes e sensacións



Luz e volume



2. Elementos:

2.5 Luz e volume

Luz

Claves tonais

É o nivel de claridade, contraste e escuridade dunha composición.

- ▶ **Clave tonal alta.**
Luminosidade suave e de tons claros
- ▶ **Clave tonal baixa.**
Pouca iluminación, tons escuros e contornos esvaídos
- ▶ **Clave tonal contrastada.**
Iluminación forte, tons claros e escuros moi marcados, con contornos nítidos.

Cualidades da luz

Dirección

- ▶ **Luz frontal.**
A luz sitúase diante do obxecto
- ▶ **Luz lateral.**
A luz sitúase a un lado do obxecto
- ▶ **Luz cenital.**
A luz incide perpendicular e dende abaixo
- ▶ **Luz contraluz.**
A luz sitúase detrás do obxecto

Calidade e intensidade

- ▶ **Luz dura.**
Procede dun foco intenso de luz ou do sol nun día despexado
- ▶ **Luz suave ou difusa.**
Procede dunha fonte luminosa extensa e tamizada

2.5 Luz e volume

Claves tonais



Clave tonal alta



Clave tonal baixa



Clave tonal contrastada

2.5 Luz e volume

Cualidades da luz dirección



Luz frontal



Luz lateral



Luz cenital



Luz contraluz


2. Elementos:

2.6 A cor

Definición

A cor, segundo Sir Isaac Newton, é unha sensación que se produce en resposta a unha estimulación nerviosa do ollo, causada por unha lonxitude de onda luminosa.

Podemos afirmar que onde hai luz, hai cor. A percepción da forma, da profundidade ou do claroscuro está ligada á percepción da cor. Esta define as formas e os contornos dos obxectos, completa a caracterización das superficies, comunica sentimentos, evoca sensacións e estados de ánimo.




2.6 A cor

Clasificación

Cores luz (mestura aditiva)

A mestura de todas as lonxitudes de onda dámos a LUZ BRANCA.

Se facemos pasar un raio de luz branca por un prisma de vidro, esta descomponse nunha serie de cores aliñadas que forman o ESPECTRO CROMÁTICO.



Cores luz (mestura aditiva)

Cores luz primarias

Son a luz vermella, a luz verde e a luz azul violeta.

Xorden da descomposición da luz branca e non se poden obter mesturando diferentes luces.

Cores luz secundarias

Resultan de mesturar dúas fontes de luz primarias


Luz carmesí, luz amarela e luz azul.

Se mesturamos dúas fontes de luz secundaria obtemos os terciarios e así, sucesivamente.

Cores luz complementarias

Unha luz é complementaria doutra cando ao sumarse as dúas xera a luz branca.

LUZ AMARELA -----LUZ AZUL VIOLETA = (luz ro.+ luz ver) + luz azul violeta




2.6 A cor

Cores pigmento (mestura sustractiva)

Son a característica de todos aqueles desenvolvementos que como o da pintura se basean na utilización de pigmentos e corpos sólidos (que non emiten luz senón que a reflicten).

Percibimos que un corpo é dunha determinada cor porque absorbe todas as lonxitudes de onda menos as correspondentes a esa cor.



Cores pigmento (mestura sustractiva)

Cores pigmento primarias

Son as cores bases das que obteremos o resto de cores.

AMARELO.

AZUL CIAN.

MAXENTA.

A mestura das tres cores primarias na mesma proporción xeran o NEGRO

Cores pigmento secundarias

Resultan da mestura das primarias.


AMARELO + CIAN = VERDE.

AMARELO + CARMESÍ = VERMELLO.

CIAN + CARMESÍ = AZUL VIOLETA

Cores pigmento complementarias

Dúas cores son complementarias cando ao mesturalas na mesma proporción xera o negro. No círculo cromático estas cores están enfrontadas unha en fronte da outra.



Cores pigmento (mestura sustractiva)

Círculo cromático



2.6 A cor

A cor na imaxe dixital e nas artes gráficas

Cando nos referimos á cor utilizada nas tecnoloxías ou nos diferentes instrumentos que traballan coas cores luz temos que referirnos a sistema RVA(RGB). Corresponde ás cores luz analizadas anteriormente que están baseadas no Vermello, Verde e Azul. Cando falamos das cores utilizadas pola imprenta, a prensa e as artes gráficas en xeral estamos a falar dun sistema CMAN (CMYK). Corresponde ás cores pigmento analizadas anteriormente que están baseadas no Carmesí, Azul, Amarelo e Negro.



Dimensións

Son as características que nos van permitir determinar unha cor e diferenciar unhas doutras. Estas características son:

Ton ou cromacidade: É a característica que nos permite definir cada unha das cores: verde, vermello, amarelo etc.

Saturación: É o grao de pureza dunha cor. Esta depende de que non estea mesturada con outras cores e en especial co branco.

Luminosidade ou valor: É o grao de luminosidade que percibimos nunha cor ou a súa condición de claridade e brillantez. A máis luminosa é o amarelo mentres que o violeta é a menos luminosa.



2.6 A cor

Expresividade

Cores cálidas ou quentes :

Aquelas que van dende o amarelo ao carmesí no círculo cromático. As cores cálidas expanden a luz e evocan unha sensación de calor, quizais porque a nosa experiencia lle atribúe unha conexión co sol, co lume e cos metais incandescentes que irradian calor.

Cores frías:

Aquelas que van do verde ao violeta pasando polo azul no círculo cromático. As cores frías absorben a luz e parecen que retroceden. Estas traen á nosa mente as imaxes do xeo, da auga e da noite.



Pintura rupestre, Cova Morella, Castellón
Banco de imaxes INTEF



Fotografía da escultura: **Barca del sol, Reykjavík, Islandia**
Banco de imaxes INTEF

2.6 A cor

Escalas cromáticas e acromáticas

As escalas poden ser cromáticas e acromáticas.

Escalas cromáticas: nestas escalas os valores correspondentes ao ton obtéñense mesturando as cores puras co branco e o negro.



Escalas acromáticas: é unha escala de grises, unha modulación continua do branco ao negro.



2.6 A cor

Gamas cromáticas

Definimos como gamas a aquelas escalas formadas por gradacións que realizan un paso regular dunha cor pura cara ao branco ou o negro; unha serie continua de cores cálidas ou frías e a unha sucesión de diversas cores cromáticas.

Escalas monocromas: son aquelas nas que hai unha soa cor, e fórmase con todas as variacións desta cor, ben engadindo branco, negro ou a mestura de ambos os dous (gris).

Escalas cromáticas: estas distínguense á súa vez, en altas, medias e baixas.

Altas, cando se utilizan as modulacións do valor e de saturación, que conteñen moito branco.


Medias, cando se utilizan modulacións que non se afastan moito do ton puro saturado da cor.

Baixas, cando se usan as modulacións de valor e luminosidade que conteñen moito negro.


Escalas policromas: a aquelas gamas de variacións de dúas ou máis cores; o mellor exemplo deste tipo de escala sería o arco da vella.

2.6 A cor

Gamas cromáticas



monocromas



cromáticas



policromas

2.6 A cor

Harmonía cromática

É a relación equilibrada entre dúas ou máis cores. Esta prodúcese cando utilizamos nunha composición cores próximas no circulo cromático.

Contraste cromático

É o efecto óptico que se produce cando se ven á vez as cores que non teñen nada en común nunha composición. Tipos de contrastes:

Contraste de tons

Contraste de valor

Contraste de saturación

Contraste de claro-escuro

Contraste de temperatura (frío-cálido)

Contraste simultáneo

Contraste entre complementarios.



Contraste de tons

2.6 A cor

Simbolismo da cor

A color ten con frecuencia un significado simbólico. Isto é, utilízase para representar algo dunha forma máis directa e simple. O significado simbólico das cores non ten un valor universal porque cada cultura establece o seu en base ás súas tradicións e pode variar dun país a outro e variar co tempo.

Segundo a nosa cultura podemos establecer as seguintes relacións:

<http://www.mariaclaudiacortes.com/>

Cor	Simboloxía
Vermello	Amor, paixón, vigor, calor ---- perigo.
Laranxa	Calor, vida, pureza.
Amarelo	Potencia, ouro, ciencia, riqueza.
Marrón	Humildade, orixe.
Verde	Verdade, rexeneración, fe, esperanza.
Azul	Sabedoría, intelixencia, infinito (espazo distancia).
Violeta	Dignidade, penitencia.
Branco	Pureza, inocencia, virtude, castidade.
Negro	Morte, dó, seriedade e oficialidade.

Webquest

Elementos da linguaxe: punto, liña, plano e texturas:

<https://sites.google.com/site/puntolinaplanoetextura/>

Elementos da linguaxe: luz e cor:

<https://sites.google.com/site/elementosdolinguaixeluzecor/>

Bibliografía

- Brusatin, Manlio: *Historia de los colores*, Paidós D.L., Barcelona, 1997.
- Gage, John: *Color y cultura la práctica y el significado del color de la antigüedad a la abstracción*, Siruela, Madrid, 1997.
- Moreno Rivero, Teresa: *El color historia, teoría y aplicaciones*, Ariel, Barcelona, 1996.
- Nieto Alcaide Victor: *La luz, símbolo y sistema visual*, Catedra, Madrid, 1989.
- Pawlik, Johannes: *Teoría del color*, Paidós Ibérica, Barcelona, 1999.
- Sanz, Juan Carlos: *El libro del color*, Alianza D.L., Madrid, 1993.
- Sanz Juan Carlos: *El lenguaje del color*, Blume, Barcelona, 1982.
- Sontag, Susan: *Sobre la fotografía*, Edhasa, Barcelona, 1996.
- Tornquist Jorrit: *Color y luz: teoría y práctica*, Gustavo gili, Madrid, 2008.
- Varley, Helen: *El gran libro del color*, Blume, Barcelona, 1982.